

ANEXO III

Don/Dona , con

DNI , pai, nai ou titor do alumno/a

outorga a súa autorización para que participe na actividade do programa denominado rutas científicas, organizada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en colaboración co Ministerio de Educación, e manifesta o seu coñecemento de que, no caso de producirse algún incidente que aconselle a interrupción do programa, poderá regresar ao seu domicilio antes da data prevista.

(data e sinatura)

Lugar e data

, de de 201

ANEXO IV

Obxectivos xerais

1. Descrición do programa. O programa Rutas científicas é un recurso educativo, pensado para alumnos que cursen materias científicas en bacharelato ou en ciclos formativos de grao medio, que pretende complementar a formación que se imparta na aula por medio da realización dunha ruta científica. Trátase de que os alumnos comprobem *in situ* para que serven os coñecementos de matemáticas, de física, de química, de bioloxía ou de ciencias naturais que están aprendendo.

2. Obxectivos. Serán obxectivos prioritarios, entre outros:

Suscitar nos alumnos unha actitude de aprendizaxe permanente, tanto dentro como fóra da aula.

Mellorar os coñecementos científicos dos alumnos espertando neles o espírito investigador, o seu interese polo método científico e o posterior desenvolvemento tecnolóxico que estas investigacións producen.

Coñecer os aspectos básicos da diversidade cultural, natural e social co fin de poder valoralos e respectalos.

Promover a formación integral do alumno para que sexa capaz de valorar o seu contorno e os problemas relacionados coa súa explotación polo ser humano.

Mostrar a enorme importancia do traballo dos científicos no desenvolvemento dun país, nos avances e na mellora da vida das persoas e da súa sociedade.

Fomentar a convivencia entre os diferentes grupos que comparten a actividade e o traballo en equipo.

3. Elaboración do anteproxecto de participación: este proxecto deberá detallar as estratexias e os procedementos tanto previos como posteriores ao percorrido da ruta que levarán a conseguir os obxectivos do programa, e tamén dalgún xeito detallará as actividades concretas que realizarán os alumnos, especificando o seu calendario, método de traballo e a posterior avaliación.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 10 de maio de 2010 pola que se modifica a Orde do 22 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010.

A Orde do 22 de febreiro de 2010 (publicada no DOG nº 39, do 26 de febreiro, coa corrección de erros no DOG nº 73, do 20 de abril, e modificada pola Orde do 22 de abril de 2010, publicada no DOG nº 83, do 30 de abril) regula a aplicación en Galicia dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010.

A modificación da Orde do 22 de febreiro de 2010 vén xustificada, en primeiro lugar, polas modificacións introducidas na normativa estatal e que afectan directamente a regulación autonómica. Neste sentido, o Real decreto 366/2010, do 26 de marzo, publicado no BOE nº 75, do 27 de marzo de 2010, modifica o anexo XII do Real decreto 66/2010, do 29 de

xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería, incorporando a denominación de calidade diferenciada *Garbanzo de Pedrosillo*, o que obriga á inclusión desta no anexo 9 da Orde do 22 de febreiro.

Así mesmo, a orde do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño ARM/906/2010, do 9 de abril, amplía diversos prazos establecidos no artigo 15.3º e 15.4º, e no artigo 23.1º, do Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, sobre a aplicación do réxime de pagamento único na agricultura e a integración de determinadas axudas agrícolas nel a partir do ano 2010.

Por outra banda e, en segundo lugar, debe procederse á modificación da Orde do 22 de febreiro de 2010, en tanto se precisa determinar cales son as razas de vacún de aptitude leiteira en Galicia, incorporando unha nova definición destas e a súa consideración en determinadas axudas das recollidas na Orde do 22 de febreiro.

Así mesmo, a evolución que desde a publicación da Orde do 22 de febreiro de 2010 se produciu no proceso de concentración parcelaria en que se atopaba unha zona, fai recomendable a súa inclusión na relación contida no anexo 12 para que os agricultores poidan declarar as súas parcelas polas referencias de concentración, segundo se recolle no número 2º do artigo 11 da Orde do 22 de febreiro de 2010.

Considérase tamén necesario establecer a obriga de revisión dos compromisos asumidos polos solicitantes de axudas integradas no contrato de explotación sustentable (CES), se durante a súa vixencia a normativa comunitaria establece novas ou maiores exixencias.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

Modificar a Orde do 22 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010, como segue:

Un.-Modifícase o artigo 10 do seguinte modo:

-No número 2º engádesse ao final unha nova definición co seguinte texto:

«u) Razas bovinas de aptitude eminentemente láctea: son razas bovinas de aptitude eminentemente láctea as relacionadas no anexo 14. Ademais, en Galicia considérase razas bovinas de aptitude láctea as razas Fleckvieh, Montebeliard, Parda alpina e os animais da especie bovina que figuren no conxunto mestizo dunha explotación bovina de produción de leite ou mixta que dispoña de cota láctea, nun número

ro máximo que non supere a ratio de cota láctea entre o rendemento medio de 6.500 kg, menos os animais de razas do anexo 14.»

Dous.-Modifícase o artigo 29 do seguinte modo:

-O prazo establecido no número 2º para a presentación de alegacións por parte de aqueles/as agricultores/as que estean en desacordo cos datos correspondentes aos dereitos provisionais que se lles comuniquen, ou que non recibisen o comunicado da asignación dos citados dereitos provisionais, finaliza o 14 de maio de 2010, inclusive.

-O prazo establecido no número 3º para que os/as agricultores/as, que se acollan ao establecido no artigo 30.2º, comuniquen ao Fogga os datos e documentos relacionados nos anexos 5.a e 5.b, finaliza o 14 de maio de 2010, inclusive.

Tres.-Modifícase o artigo 37 do seguinte modo:

-O prazo establecido no número 1º para que os/as agricultores/as que desexen solicitar dereitos de pagamento único con cargo á reserva nacional presenten, xunto coa documentación establecida na letra b.8 do anexo 1, a súa solicitude ao director do Fogga, finaliza o 14 de maio de 2010, inclusive.

Catro.-Modifícase o número 1º do artigo 85 do seguinte modo:

«1. As axudas concederanse por animal elixible e ano. Serán animais elixibles as vacas das razas bovinas de aptitude eminentemente láctea que teñan unha idade igual ou maior a 24 meses e que se atopen inscritas no Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais (RIIA), conforme se establece no Real decreto 728/2007, localizadas na explotación o 30 de abril do ano de solicitude.»

Cinco.-Modifícase o número 1º do artigo 89 do seguinte modo:

«1. A axuda aboarase por animal elixible e ano. Serán animais elixibles as vacas das razas bovinas de aptitude eminentemente láctea que teñan unha idade igual ou maior a 24 meses e que se atopen inscritas no Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais (RIIA), conforme se establece no Real decreto 728/2007, localizadas na explotación o 30 de abril de 2010, cuxa produción sexa comercializada ao abeiro dunha denominación de calidade das consideradas nesta sección.»

Seis.-Modifícase a alínea b) do número 2º do artigo 119 do seguinte modo:

«b) Teñan un número de UGM de animais de máis de 6 meses de razas bovinas de aptitude eminentemente láctea igual ou superior ao 50% do número total de UGM da explotación.»

Sete.-Modifícase a alínea b) do número 2º do artigo 120 do seguinte modo:

«b) Teñan un número de UGM de animais de máis de 6 meses de razas bovinas de aptitude eminentemente

mente láctea igual ou superior ao 50% do número total de UGM da explotación.».

Oito.-Modifícase o artigo 156, engadíndolle un número 4º co seguinte texto:

«4. Se durante a vixencia do CES a normativa comunitaria de aplicación relativa aos compromisos asumidos polo solicitante dese lugar a maiores exixencias, estas deberanse reflectir revisando os compromisos asumidos que serán exixibles para a percepción das axudas das anualidades posteriores á entrada en vigor da modificación da normativa».

Nove.-Modifícase o anexo 9 do seguinte modo:

-No terceiro inciso (Outras denominacións de calidade) da parte II (Denominacións de calidade), engádese a continuación da *Alubia pinta alavesa* o *Garbanzo de Pedrosillo*.

Dez.-Modifícase o anexo 12 do seguinte modo:

-Engádese unha zona, no concello de Barro (Pontevedra), que ten o código de zona 01 e se denomina Agudelo-Barro-Valiñas.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 14 de abril de 2010 pola que se publica o plan de estudos de graduado ou graduada en Educación Primaria.

Obtida a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo do informe favorable da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, así como a autorización da Comunidade Autónoma de Galicia, e establecido o carácter oficial do título por acordo do Consello de Ministros do 30 de outubro de 2009 (publicado no BOE do 5 de xaneiro de 2010 por resolución do secretario de Estado de Universidades do 13 de novembro de 2009).

Esta reitoría, de conformidade co disposto no artigo 35.4º da Lei orgánica 6/2001, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, resolve publicar o plan de estudos conducente á obtención do título oficial de graduado ou graduada en Educación Primaria, que quedará estruturado segundo consta no anexo.

A Coruña, 14 de abril de 2010.

José María Barja Pérez
Reitor da Universidade da Coruña

ANEXO

Plan de estudos do título de graduado ou graduada en Educación Primaria

1. Estrutura das ensinanzas.

1.1. Distribución do plan de estudos en créditos ECTS.

Tipo de materia	Créditos ECTS
Formación básica (FB)	60
Obrigatorias (OB)	102
Optativas (OP)	27
Prácticum (P)	45
Traballo de fin de grao (TFG)	6
Créditos totais	240

1.2. Créditos de formación básica. Distribución en materias.

Rama de coñecemento	Materia	Materias vinculadas (curso/cuadrimestre)	ECTS	Curso
Ciencias Sociais e Xurídicas	Educación	Teoría da educación	6	1º
Ciencias Sociais e Xurídicas	Educación	Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo	6	2º
Ciencias Sociais e Xurídicas	Educación	Organización e avaliación de institucións educativas	6	2º
Ciencias Sociais e Xurídicas	Educación	Tecnoloxías da información e a comunicación en educación	6	1º
Ciencias Sociais e Xurídicas	Educación	Educación inclusiva e multicultural	6	1º
Ciencias Sociais e Xurídicas	Educación	Orientación, tutoría e calidade	6	2º
Ciencias Sociais e Xurídicas	Psicoloxía	Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos	6	1º
Ciencias Sociais e Xurídicas	Psicoloxía	Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos	6	1º
Ciencias Sociais e Xurídicas	Socioloxía	Socioloxía da educación	6	1º
Ciencias Sociais e Xurídicas	Historia	Historia da educación	6	1º

1.3. Plan de estudos resumido (por módulo).

Módulo	Materia	Carácter (FB/OB/OP)	Créditos ECTS
Módulo 1 Aprendizaxe e desenvolvemento da personalidade	Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos	FB	6
	Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos	FB	6
	Educación inclusiva e multicultural	FB	6
	Dificultades da aprendizaxe	OP	4,5
	Trastornos da lingua oral e escrita	OP	4,5
	Sistemas alternativos da comunicación	OP	4,5
	Atención á diversidade: aspectos didácticos e organizativos	OP	4,5
	Diagnóstico pedagóxico	OP	4,5
Módulo 2 Procesos e contextos educativos	Historia da educación	FB	6
	Psicoloxía da aprendizaxe en contextos educativos	FB	6
	Organización e avaliación de institucións educativas	FB	6
	Teoría da educación	FB	6
Módulo 3 Sociedade, familia e escola	Valores e educación para a igualdade	OP	4,5
	Socioloxía da educación	FB	6
	Orientación, tutoría e calidade	FB	6
Módulo 4 Ensino e aprendizaxe das ciencias experimentais	Tecnoloxías da información e a comunicación en educación	FB	6
	Ensino e aprendizaxe das ciencias da natureza I	OB	6
	Ensino e aprendizaxe das ciencias da natureza II	OB	9
	Didáctica da educación para a saúde	OP	4,5